# Bolsa de recursos
# Sharing cart

**Coordinación TIC**
**EOI da Coruña - 2024**

## Qué é?

A bolsa de recursos ou sharing cart é unha bloque de Moodle que serve para copiar seccións completas, recursos e/ou actividades entre os nosos cursos na aula virtual de xeito rápido e sinxelo.

A bolsa de recursos funcionaría como biblioteca de contidos dos cursos que empregamos habitualmente e quedan dispoñibles para duplicarse cando queiramos. O bloque Sharing cart ten que estar activado no curso desde o que queremos exportar e no curso no que imos importar os contidos.



Sharing cart
Bolsa de recursos
Panier d'activités
Carrinho de Partilha
Общая корзина
共有カート

## Cómo se activa?

1. O primeiro que faremos é acceder ó curso onde están os contidos que queremos copiar. Unha vez dentro, coa **edición activada**, imos á parte inferior da esquerda e prememos en **Engadir un bloque**.




2. A continuación, escollemos **Sharing Cart** (en galego) **ou Bolsa de recursos** (en castelán):




**Coordinación TIC**
**EOI da Coruña - 2024**

3. Agora no menú da dereita do noso curso aparecerá o novo bloque Sharing cart e en cada recurso ou actividade aparecerá a icona da cesta que nos vai permitir copialo ao bloque Sharing cart.

Poderíamos **copiar na bolsa unha sección completa** (con todos os recursos e actividades facendo clic en Copiar sección.

Confirmamos e listo. Dependendo do contido, isto pode levar un tempiño.



Tamén podemos **copiar recursos e actividades individualmente** facendo clic na cesta de cada un deles e confirmando que queremos copiar a actividade/recurso.







**Coordinación TIC**
**EOI da Coruña - 2024**

A medida que imos engandindo contidos, estes irán aparecendo no bloque Sharing cart á dereita.

Se queremos deixar de gardar ahí eses contidos, elimínanse facendo clic na papeleira.

Coas frechiñas coa punta para arriba e para abaixo podemos cambialos de posición.



Desde o bloque Sharing cart poderemos **importar os recursos, actividades ou seccións que queiramos noutro curso.**

Para iso accedemos ao curso no que imos importar os materiais, **activamos a edición** e tamén **engadimos o bloque Sharing cart**.

Agora aparecerá no lado dereito o contido que gardamos antes no outro curso. O único que hai que facer é **premer na icona de copiar/duplicar**.



Logo de darlle a copiar, sairán ao final de cada sección uns **espazos punteados con frechas** que nos **permiten incorporar o contido na sección que lle indiquemos.**






Feito isto, o recurso, actividade ou sección estará copiado no curso que eliximos, mantendo as características orixinais.

No caso de copiar actividades, non se incluirán as entregas do alumnado no curso orixinal se as houber.



Premendo na icona da configuración podemos **ocultar ou mostrar o bloque** Sharing cart e tamén eliminalo cando nos pareza oportuno.




Así se vería o bloque cando está oculto.




Podemos volver a amosalo facendo clic na configuración do bloque.




**Coordinación TIC**
**EOI da Coruña - 2024**